



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URGENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO SETE DE MARDO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

O 7 de marzo de 2024, ás 12:30 h, reuníronse os membros da Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urgente para os efectos de tratar os asuntos da Orde do día da convocatoria.

ASISTENTES

Presidente
José Manuel Mato Martínez

CONCELLEIROS/AS PRESENTES:

María Josefa Álvarez Bugallo
Raquel Fondo Pérez

CONCELLEIROS/AS AUSENTES:

Constantino Fernández Vila
Juan Ramón Vidal Torrado

Secretaria: Antía Pena Dorado

O presidente abre a sesión despois de comprobar que existe o quórum que esixe o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

1 Aprobación da urxencia da sesión

O alcalde explica que a urxencia está motivada. A urxencia está motivada pola necesidade de corrixir discrepancias entre o Prego de cláusulas administrativas (PCAP) e o Prego de prescricións técnicas (PPT) do contrato do servizo de limpeza viaria.

Os membros asistentes ratifican a urxencia por 3 votos a favor.

2 Expediente 2024/C004/000007. Aprobación do expediente de contratación do servizo de limpeza viaria

O alcalde dá conta da proposta.

“PROPOSTA DE ACORDO

APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE PONTECESO. EXPEDIENTE 2024/C004/000007

O Concello de Ponteceso ten que cumprir coas condicións axeitadas de hixiene, salubridade e seguridade na realización dos traballos de varrido, baldeo, mantemento de papeleiras, limpeza extraordinarias por festividades e na época de caída de follas xa que estas causan atascos na rede de saneamento. O Concello de Ponteceso non ten medios humanos suficientes para prestar



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

directamente este servizo mínimo obrigatorio, como é a limpeza viaria, polo que se precisa a contratación deste servizo.

O 19/12/2024 emítise o informe de insuficiencia de medios e da necesidade polo técnico municipal de Medio Ambiente, sendo o obxecto do contrato a prestación do servizo de limpeza viaria, no uso das competencias municipais que establece a Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, nos seus artigos 25 e 26, en materia de servizo de limpeza viaria dos concellos.

O 14/01/2025 o alcalde asina unha Providencia incoando o correspondente expediente de contratación.

O 16/01/2025 o técnico de Medio Ambiente asina un informe xustificativo da non división en lotes do contrato.

O 21/01/2025 o alcalde asina a memoria xustificativa do contrato, no que referencia a situación actual do concello, o obxecto do contrato, a xustificación da contratación e análise do procedemento e o valor estimado provisional da contratación, e tamén fai unha análise da repercusión na estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, así como tamén xustifica a elección do procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada e tramitación ordinaria con multiplicidade de criterios de adxudicación.

O 21/01/2025 a interventora acumulada certifica a existencia de crédito para a anualidade 2025.
O 10/02/2025, o técnico de Medio Ambiente asina o prego de prescricións técnicas.
O 18/02/2025 o alcalde asina o prego de cláusulas administrativas particulares, o cal determina, entre outros aspectos, a competencia da Xunta de Goberno como órgano de contratación, por delegación da Alcaldía. Sendo a duración do contrato de dous anos, coa posibilidade de dúas prórrogas, cada unha dun ano de duración, polo que a duración total poderá ser de catro anos. O valor estimado do contrato ascende a 395.157,76 euros (IVE excluído), a súa contratación licitarase mediante procedemento aberto (art. 156 LCSP), con varios criterios de adxudicación (art. 131.2 LCSP), tramitación ordinaria, e rexirá como contrato reservado a centros especiais de emprego (D.A. 4ª LCSP). Este contrato estará suxeito a regulación harmonizada ao superar o límite establecido no artigo 22.1.b) da LCSP, correspondendo o seu obxecto a servizos de saneamento e limpeza de áreas urbanas ou rurais e relacionados con eles, CPV 90600000, así como a servizos de limpeza e varrido de rúas, CPV 90610000-6.

Rematados os trámites previstos na LCSP someteuse ao informe preceptivo da Secretaría, emitido na data de 18/02/2025, en sentido favorable.

O 18/02/2025 a intervención municipal emite a fiscalización previa do expediente en sentido favorable.

O expediente aprobouse por acordo da XGL de 24.02.2025 e foi publicado en PLACE e no DOUE.

Advertidos unhas discrepancias entre o PCAP e o PPT, faise necesario correxilas e elabóranse de novo o PCAP o 5.03.2025 e o PPT tamén en data 5.03.2025, de conformidade co artigo 124 da



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

LCSP

Logo de ver os informes de secretaría do 6.03.2025 e fiscalización de intervención do 6.03.2025 ratificando os informes anteriores.

A competencia municipal en relación co obxecto do contrato ven atribuída polo artigo 25.2, apartados b) e l), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e pola Resolución número 555/2023, de 3 de xullo, modificada pola Resolución número 734/2023, de 8 de setembro, na que consta que a aprobación e adxudicación de expedientes de contratación e concesión de obras, servizos e subministracións cando o seu valor estimado non exceda do 10 % dos recursos ordinarios do orzamentos nin, en calquera caso a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non superen nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do primeiro exercicio nin a contía sinalada. Quedan excluídos desta delegación aqueles contrato cuxa contía non supere a establecida no artigo 118 da LCSP, referido a contratos menores así como os que se tramiten por procedemento aberto simplificado sumario conforme o artigo 159.6 da LCSP. A Alcaldía poderá avocar competencia nos supostos de urxencia debidamente motivada, e dará conta a XGL na vindeira sesión que se celebre.

Por todo o anterior, en virtude das competencias conferidas pola lexislación vixente e, en concreto, en virtude do disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e tendo en conta a Resolución da Alcaldía núm. 555/2023, de 3 de xullo, modificada pola Resolución núm. 734/2023, de 8 de setembro, que delega a adxudicación na Xunta de Goberno Local.

Por todo elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Declarar como contrato reservado o CONTRATO DE SERVIZOS DE LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE PONTECESO en virtude da D.A. 4ª da LCSP a os Centros Especiais de Emprego de iniciativa social regulados nos artigos 43 a 45 do Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, que deberán estar legalmente constituídos e clasificados conforme ao RD 2273/1985 e ademais acreditar a súa condición de iniciativa social nos termos en que se define na Disposición final décimo cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

SEGUNDO.- Deixar sin efecto a publicación anterior feita en PLACE respecto do expediente aprobado o 24.02.2025 pola XGL de conformidade co artigo 124 da LCSP, dado as modificacións introducidas no PCAP e PPT .



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

TERCEIRO. Aprobar NOVAMENTE , de conformidade co artigo 124 da LCSP, o expediente de contratación de servizos, art. 17 da LCSP, denominado «LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE PONTECESO», número 2024/C004/000007, cun valor estimado de 395.157,76 euros (IVE excluído), mediante procedemento aberto (art. 156 LCSP), con varios criterios de adxudicación (art. 131.2 LCSP), tramitación ordinaria, e rexirá como contrato reservado a centros especiais de emprego (D.A. 4ª LCSP). Este contrato estará suxeito a regulación harmonizada ao superar o limite establecido no artigo 22.1.b) da LCSP, correspondendo o seu obxecto a servizos de saneamento e limpeza de areas urbanas ou rurais e relacionados con eles, CPV 90600000, así como a servizos de limpeza e varrido de rúas, CPV 90610000-6., cunha duración de dous anos, coa posibilidade de dúas prórrogas, cada unha dun ano de duración, polo que a duración total poderá ser de catro anos, con licitación electrónica por medio da Plataforma de Contratos do Sector Público, suxeito a regulación harmonizada.

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que han de rexer a contratación mediante procedemento aberto do presente contrato de servizos .

CUARTO.- Aprobar o gasto de 108.668,38 € con cargo a correspondente partida do vixente orzamento municipal

QUINTO.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación do presente contrato por procedemento aberto regulado nos artigos 156 e seguintes da LCSP, suxeito a regulación harmonizada, dando orde de que se proceda á publicación do pertinente anuncio no DOUE e no perfil do contratante deste Concello, para que no prazo de TRINTA E CINCO DÍAS NATURAIS, artigo 156.2 da LCSP, se poidan presentar as proposicións que se estimen pertinentes.

SEXTO.- Dar conta ao Pleno do Concello na vindeira sesión ordinaria que teña lugar.

O alcalde/José Manuel Mato Martínez"

Os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes aproban a proposta por unanimidade de votos a favor.

Non hai máis asuntos

O presidente remata a sesión ás 12:35 h e eu redacto esta acta.

*Documento firmado dixitalmente o día e polas persoas que constan na marxe.